

# O SABER FILOSÓFICO

## 1. A ORIXE DA FILOSOFÍA

A filosofía occidental nace en Grecia nos albores do século VI a.C. nas colonias gregas da Xonia, Asia Menor (Costa occidental da actual Turquía). Mileto, Éfeso ou Clazomene son algunhas das cidades gregas da Xonia nas que frutificaron as primeiras doutrinas filosóficas. Etimoloxicamente a filosofía nace como “amor á sabedoría”, do grego *φιλο-σοφός*. Este termo atribúese a Pitágoras de Samos (s. VI a.C.) matemático e filósofo e o primeiro en chamarse a si mesmo “filósofo”. O filósofo ama a sabedoría entendida esta como búsqueda da verdade. O nacemento da filosofía adoita sinalarse como o cambio na forma de explicar os fenómenos cotiáns. Este cambio concretárase no paso “do mito ó logos”.

O Mito (do grego: *Mythos*) consiste nun conxunto de narracións fantásticas que trataban de responder ás orixes do mundo, da realidade, e canto lle sucede ó home, dun xeito imaxinativo e incluso fantástico, recorrendo a forzas sobrehumanas como deuses ou forzas cósmicas personificadas. Esta cultura mitolóxica recolleuna Homero (VIII a.C) nas súas obras poéticas máis importantes: “A *Odisea*” e “A *Iliada*” nas que relata a guerra de Troia (XII a.C.). Outro dos autores que contribúen á tradición cultural mitolóxica foi Hesíodo, nas súas obras: *Teogonía* ( sobre a xenealoxía dos deuses na mitoloxía grega) e os *Traballos* e os *Días*. A cultura mitolóxica é polo tanto un modelo explicativo que trata de dar resposta as interrogantes que se lle presentan ó ser humano dende un punto de vista imaxinativo e lonxe das explicacións acordes a observación empírica e a lóxica.

O logos representa a palabra ou “razón”. O logos é para os gregos o instrumento de coñecemento e o discurso que busca a verdade a través da argumentación racional e coherente dende o punto de vista lóxico ou da razón, pero tamén axustada ó que vemos e observamos empiricamente a través dos nosos sentidos. É, polo tanto, un modelo explicativo apartado das fantasías dos mitos e ancorado á razón e á experiencia.

Este cambio dun modelo baseado na imaxinación a un modelo que trata de asentarse na coherencia lóxica e, sobre todo, na observación empírica podemos consideralo como o punto de inflexión que marca o nacemento do coñecemento científico. Os gregos abren o camiño da ciencia moderna que so é aceptada na medida en que pode ser verificada ou falseada pola observación e experimentación.

## ESQUEMA MITO & LOGOS

| MITO                                    | LOGOS                                          |
|-----------------------------------------|------------------------------------------------|
| Relato imaxinativo e fantástico         | Relato razoable e argumentado                  |
| Recurso: A imaxinación                  | Recurso: A razón                               |
| Obxectos: Deuses e forzas sobrenaturais | Obxectos: Natureza e o home                    |
| Sucesos: Aleatorios e caprichosos       | Sucesos: Necesidade e Lei natural              |
| Acrítico e dogmático                    | Crítico e analítico                            |
| Lexitimase en ritos e oracións          | Susténtase no diálogo e a argumentación lóxica |

## 2. TIPOS DE SABERES

O **saber** é unha **aprehensión da realidade**, por medio da cal esta queda rexistrada na nosa mente, e que expresada e transmitida a outros suxeitos incorpórase a unha tradición cultural que nos permite adaptarnos á natureza e cubrir as nosas necesidades dun modo progresivamente mellor. Tamén permite crear unha cosmovisión que axuda a comprender o noso mundo e dar sentido á existencia humana.

Existen diversas clasificacións dos saberes:

Saber Mítico e saber Racional, como xa vimos no nacemento da filosofía, o primeiro é imaxinativo e irracional e o segundo lóxico e coherente. Tamén podemos distinguir, seguindo a **Aristóteles** entre **saber teórico** e **saber práctico**. Este último consiste na capacidade de desenvolver principios, hábitos ou destrezas que nos permitan saber como actuar dende o punto de vista moral (ética e política) ou simplemente resolver problemas cotiás, coma traballar nun oficio. O saber teórico consiste na capacidade de comprender, sistematizar e coñecer as causas e fundamento das cousas. Exemplo deste coñecemento sería a ciencia – como ciencia teórica, non aplicada - ou a filosofía. Loxicamente están vinculados ambos os dous, xa que o saber teórico orienta ó saber práctico.

Os niveis ou modos de coñecemento son varios, pero basicamente podemos falar de tres: O saber vulgar (sentido común), o saber científico e o saber filosófico:

**Saber vulgar** é o coñecemento ordinario que todo o mundo posúe como resultado da súa experiencia e observación cotiá e polo exercicio espontáneo da razón, non reflexivo e precientífico. Poderíamos chamalo tamén o saber que resulta do sentido común e cuxas certezas son accesibles para todo ser humano sin esforzo. Este é un coñecemento inmediato, acrítico e xeralmente ancorado á tradición ou os prexuízos.

Un exemplo deste coñecemento podería ser as predicións meteorolóxicas que facemos en base a nosa experiencia co tempo ou tradicións populares: “si quedan as témporas de abaixo chove todo o verán”.

O **saber científico** é un coñecemento máis profundo co primeiro. Busca as causas das cousas que caen baixo as nosas capacidades de **observación** e **experimentación** e **sérvese da matemática** para cuantificar todas aqueles ámbitos da realidade que o permiten aportando desta maneira rigor e capacidade de predición. Apórtanos coñecementos máis aló do observado inmediatamente e de aí que requira do exercicio da análise, da reflexión e da experimentación sistemática. Unha proposición de carácter científico sería, por exemplo, que a auga está composta de hidróxeno e oxíxeno. A ciencia polo tanto dinos como son as cousas dun modo máis verosímil e a súa certeza esta suxeita a observación e contrastación empíricas.

O **saber filosófico** achéganos ao coñecemento das últimas causas da realidade. Non estuda esta ou aquela realidade particular, senón que partindo das realidades concretas, remóntase aos primeiros principios ou causas últimas da realidade. A filosofía familiarízanos co pensar a fondo e en profundidade a realidade. Trata a “totalidade” da realidade converténdose nun **saber integrador** que busca dar sentido ó conxunto dos coñecementos e das experiencias humanas. Non desestima os coñecementos aportados pola ciencia pero o seu obxecto é máis amplo e profundo có das ciencias particulares, e o seu método non é a experimentación senón a reflexión. Filosofar é pensar, pero non de calquera maneira, senón utilizando a razón para argumentar de forma crítica e rigorosa, co fin de entender a estrutura fundamental da realidade e da propia razón.

### 3. CARACTERÍSTICAS DO SABER FILÓSOFICO

O saber filosófico historicamente ten como obxectivo a busca dun coñecemento universal para superar a arbitrariedade e falta de rigor do coñecemento baseado na imaxinación propio da cultura mitolóxica. Neste sentido podemos considerar a filosofía, entendida esta como pensamento racional, como o saber que senta as bases da ciencia moderna ó rexeitar unha visión caótica e azarosa da natureza por unha visión que se asenta na orde e necesidade. Dende esta perspectiva podemos destacar as seguintes características da filosofía:

É un saber **racional**. Recorre á argumentación coherente dende o punto de vista lóxico e empírico. Dun modo máis prosaico poderíamos dicir que a súa argumentación susténtase no sentido común e a observación fronte a imaxinación e arbitrariedade explicativa. Isto non significa que a filosofía non recorra á imaxinación ou a especulación teórica como ferramentas analíticas, pero farao dende unha perspectiva “lóxica”, isto é, non “contraditoria” nin arbitraria. Incluso nas especulacións filosóficas mais alo do mundo sensible respecta ese rigor e coherencia lóxica. Podemos dicir que os problemas e as respostas ós mesmos son presentados a través da razón e non da imaxinación (mitos) ou da crenzas (relixión).

É un saber **Universal** no seu obxecto porque trata de explicar o conxunto da realidade: natureza e home. E tamén é universal no seu alcance porque aspira a unha validez para o conxunto dos seres humanos como seres racionais.

É un saber **radical**, porque trata de analizar e comprender a realidade dende a súa raíz e ascender ata o sentido e o fin das cousas. Non se conforma con estudar e comprender o real – como farían as ciencias particulares - senón que trata de coñecer as razóns últimas. A filosofía non parte de presupostos ou principios dogmáticos ou tradicionalmente aceptados, pola contra, cunha actitude sempre crítica, sospeita de si mesma como principio metodolóxico.

É un saber **sistemático**, porque trata de dar unha visión estruturada, de conxunto e global dos distintos ámbitos da realidade e da experiencia humana.

É un saber **crítico**, porque trata de descubrir os supostos sobre os que descansa a nosa ciencia, crenzas e en xeral a nosa cultura. Unha das labores máis importante da filosofía como disciplina académica é desenvolver un espírito crítico que nos permita desenmascarar os presupostos ou prexuízos no ámbito da ética, da relixión, da política e, dende logo, da ciencia e a propia filosofía, que nunca debe quedar a marxe desta autocrítica. Esta actitude crítica faranos mais libres e independentes en todos os ámbitos da vida e do coñecemento.

Tamén podemos considerar a filosofía como un saber **práctico**, dado que vincula o coñecemento coas opcións vitais do home. É dicir, trata de orientar a acción humana tanto no plano individual – ética – como colectivo – política - a partires de principios xerados dende a experiencia, pero tamén dende a reflexión e discusións teóricas.

#### 4. A FILOSOFÍA: RAZÓN TEÓRICA & RAZÓN PRÁCTICA.

Como xa vimos, a filosofía aparece como o descubrimento da razón fronte á cultura mitolóxica que se caracterizaba pola súa irracionalidade. Nun sentido xeral a razón podémola considerar como a facultade de formular xuízos e E. Kant dividíaa en Razón teórica e Razón práctica. En realidade non se trata de dúas razóns distintas, senón de usos diferentes da mesma e única razón. Cando ditos xuízos se refiren á realidade das cousas, cando utilizamos a razón para o coñecemento da realidade, estamos ante un uso teórico da razón; cando ditos xuízos teñen como obxecto orientar a nosa conducta, a razón ten un uso práctico. A razón teórica xera xuízos descritivos - dinos o que son as cousas - e a razón práctica xera xuízos imperativos ou mandatos - dinos como deberán ser as cousas -.

Segundo Kant estas serían as diferencias entre os dous usos da razón:

| TIPOS DE RAZON |                             |                      |                                                                                                                       |                                                                                            |                                         |
|----------------|-----------------------------|----------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------|
| Tipo de Razón  | Obra que a estuda           | Refírese á           | Tipo de proposición á que da lugar                                                                                    |                                                                                            | Feito que xera                          |
| Razón Teórica  | “Crítica da Razón Pura”     | O Coñecemento do ser | Xuízos                                                                                                                |                                                                                            | Feito teórico<br>(Ciencia ou Filosofía) |
|                |                             |                      | A priori (Universais e necesarios)<br>“ Todo triángulo ten tres ángulos”                                              | A Posteriori (Particulares e continxentes)<br>“Todos os corvos son negros”                 |                                         |
| Razón Práctica | “Crítica da Razón Práctica” | O deber ser          | Mandatos                                                                                                              |                                                                                            | Feito práctico<br>(Ética ou Política)   |
|                |                             |                      | A priori: imperativos categóricos:“<br><br>“Obra só de forma que a máxima da túa acción se converta en lei universal” | A posteriori: imperativos hipotéticos.<br><br>“ Se queres ser feliz actúa con honestidade” |                                         |

## 5. DISCIPLINAS DA FILOSOFÍA

A filosofía como saber universal e sistemático trata de comprender o conxunto da realidade, pero esta é complexa e polifacética. Por esta razón a filosofía debe escindir-se en disciplinas que abarquen aqueles ámbitos máis importantes e complexos para o ser humano. Como vimos no apartado dous, Aristóteles dividía os saberes en teóricos e prácticos, e neste sentido podemos falar tamén de filosofía teórica e filosofía práctica.

A **filosofía teórica** ocúpase do coñecemento do real e podémola dividir en :

- **Lóxica.** Disciplina que se ocupa de coñecer as leis que rexen os nosos razoamentos, a súa estrutura, forma e corrección. Aristóteles consideraba a lóxica como unha propedéutica que preparaba ó filósofo para o rigor na argumentación.
- **Metafísica.** Trata sobre os primeiros principios e causas do ser. A metafísica aborda os problemas centrais da filosofía, como son os fundamentos e estrutura da realidade, o sentido e finalidade do ser. O principio básico da metafísica susténtase no principio de non-contradición, razoamento que establece a imposibilidade de que algo sexa e non sexa simultaneamente.

Podémola dividir en dúas ramas principais: a **ontoloxía**, que se ocuparía do ser en canto ser, e a **teodicea** que trata a xustificación racional de Deus.

- **Gnoseoloxía.** Tamén podemos chamarlle Teoría do Coñecemento, estuda a orixe, natureza, posibilidades e límites do coñecemento dende un punto de vista filosófico.
- **Epistemoloxía.** En ocasións utilízase como sinónimo da gnoseoloxía, xa que o seu obxecto non é moi diferente. A epistemoloxía ocupase da verdade e fundamento do saber científico. A súa función é analizar os presupostos e argumentos que se empregan na ciencia para xustificar as teorías e modelos científicos. As dúas disciplinas, como vemos, conflúen no problema da certeza dos nosos coñecementos.
- **Antropoloxía filosófica.** Estuda a natureza, esencia e fin do ser humano. O home como centro do problema filosófico, no seu afán de atopar unha explicación á súa peculiar forma de ser no mundo, determinou o rumbo de múltiples reflexións que se recollen nesta disciplina.

A **filosofía práctica** ocúpase da acción. Trata de dilucidar sobre o que nos convén elixir, tanto no plano individual – ética – coma no plano colectivo – política-.

- **Ética.** Estuda a moral e a acción humana. A ética trata de coñecer os valores, normas e conductas do home e descubrir a lexitimación ou xustificación das mesmas.
- **Política.** É a disciplina que trata do goberno e organización das sociedades humanas, especialmente dos estados. Xa dende a Grecia Antiga ata os nosos días, o debate político foi i é unha das cuestións máis relevantes de filósofos como Platón ou Maquiavelo.
- **Estética.** A filosofía ocúpase tamén da beleza e a arte. A estética estuda a orixe do sentimento de beleza e a arte, segundo manifesta Kant na “Crítica do Xuízo”.

## 6. OS MÉTODOS DA FILOSOFÍA

Ó longo da historia desenvolvéronse diversos métodos filosóficos, cada un dos cales responde á un modo de entender o obxecto da filosofía e un uso das ferramentas de coñecemento: os sentidos e o entendemento.

**O método dialéctico.** A palabra dialéctica procede da palabra grega “dialectikós, que significa diálogo ou conversación. A dialéctica é a arte da argumentación por medio da palabra nun proceso discursivo ata chegar a un acordo. É a maneira de chegar á verdade mediante a discusión e debate de opinións, tratando de descubrir contradicións nas argumentacións que se expoñen. A dialéctica foi o método empregado por **Platón** no século IV a. C. que, inspirándose na mayéutica socrática, consiste nun proceso discursivo que vai elevándose dun nivel de ideas inferiores hasta outro de orde superior. Nun sentido máis amplo a dialéctica consiste en contraponer ideas ou enunciados ben fundamentados segundo os principios da lóxica a outros igualmente fundamentados hasta chegar a conclusións que superen as contradicións

que puidera haber nas argumentacións. Na Idade Media constituíse en disciplina metodolóxica e propedéutica doutros saberes. No século XIX a dialéctica adquiriu sentido propio no ámbito da filosofía alemán con **Hegel e Marx** (Marx: o motor da historia é a loita de clases)

**Método empírico – racional.** Este método ten a súa orixe en **Aristóteles** (S.IV a.C.) e afirma a existencia de dúas fontes de coñecemento válidas: a sensible (os sentidos) e a intelixible (o entendemento ou razón). Consta de dous pasos: o momento empírico, que consiste na obtención de datos da experiencia a través dos sentidos e o segundo momento – racional – no que o entendemento ordena ou “categoriza” eses datos seguindo o criterio do que é común, universal ou necesario. No ámbito da filosofía servirá para atopar as últimas causas do que existe (do ser). Este método perdurou hasta os nosos días e segue sendo empregado pola ciencia. O método de observación e contrastación susténtase neste principio metodolóxico desenvolvido por Aristóteles.

**Método empirista.** Este método, contrariamente ó anterior, separa claramente as dúas fontes do coñecemento, por un lado a razón e por outra a experiencia que é a orixe e límite do mesmo. A razón é a fonte adecuada para as ciencias formais – lóxica e matemáticas – porque as súas proposicións son verdades de razón, é dicir, que a súa verdade depende da evidencia e coherencia das mesmas, pero son independentes da experiencia. Ex.: “Tódolos triángulos teñen tres ángulos” Pola contra as ciencias naturais e sociais constrúense con enunciados cuxa certeza depende da comprobación empírica, única fonte de coñecemento posible. Son verdades de feito. Ex.: “Tódolos corvos son negros”. O método sévese da indución para ir do particular ó universal, pero sempre está aberto á incorporación de novas observacións e as súas xeneralizacións teñen un carácter probable. Non hai verdades definitivas ou absolutas dende a óptica empirista (nunca poderemos estar seguros de que non apareza un corvo negro), so probables.

Os autores mais destacados do empirismo son **J. Locke, G. Berkeley e D. Hume** (séculos XVII e XVIII).

**Método racionalista.** Mentres os empiristas remiten a orixe e veracidade do coñecemento á experiencia, os racionalistas depositan a súa confianza e certeza dos nosos coñecementos na razón. **Só a través da razón podemos atopar verdades universais** que non estean suxeitas á eventualidade do singular e concreto. As nosas ideas máis “claras” e “distintas”, evidentes e certas son as que proceden da razón, as ideas innatas. As que proceden dos sentidos son confusas e incertas.

A razón constitúese polo tanto en fonte e criterio do coñecemento. Só aquelas ideas que a razón descubre en si mesma se poden converter en principios ou máximas que serven de fundamento a todas as ideas resultantes da reflexión e a observación. Curiosamente, moitos dos filósofos racionalistas foron a súa vez matemáticos e esta disciplina non se fundamenta na experiencia, senón que é un sistema axiomático onde a partir dun postulados ou principios “intuitivamente evidentes” se demostran ou



derivan o resto dos teoremas. Ex.: a Xeometría Euclidiana. O racionalismo como método procede dun modo dedutivo, é dicir, vai do universal ó particular, dende enunciados que se toman como certos xustifícanse ou demóstranse os enunciados particulares. O Racionalismo clásico apareceu na Idade Moderna (séculos XVII – XVIII) e os autores máis destacados son **R. Descartes**, **B. Spinoza** e **G.W. Leibniz**.

**Metodo Transcendental ou Crítico.** O seu creador foi **E. Kant** (1724 – 1804). Este filósofo da Ilustración tratará de ver que condicións fan posible a ciencia e se a metafísica podería ser tamén unha ciencia. Non acepta o dogmatismo dos racionalistas (hai verdades absolutas que son independentes da nosa sensibilidade, dado que a razón as descubre por si mesma – O todo é maior que as partes -), pero tampouco se resigna ó escepticismo dos empiristas cando din que non hai unha soa verdade absoluta e que todas teñen un carácter probable, como xa dixemos. Esta situación lévoa a desenvolver unha filosofía crítica que trate de descubrir que condicións empíricas (dos sentidos) e que condicións transcendentais (do entendemento) fan posible a ciencia. Igual que Aristóteles, Kant considera que todo coñecemento comeza coa experiencia e que o entendemento (razón) organiza e abstrae o común, universal deses datos aportados pola sensibilidade. Pero mentres Aristóteles e toda a tradición epistemolóxica posterior depositaba a razón da universalidade no obxecto, Kant fai un **xiro copernicano** e traslada o carácter universal do noso coñecemento ás **condicións transcendentais** do suxeito. (Non vemos as cousas tal e como son en si mesmas, senón tal e como son para nós)

En resumo, non todo procede da razón nin tampouco dos sentidos, o suxeito non se limita a reflexar a realidade coma se fora un espello, senón que a súa razón organiza os datos da experiencia coa axuda das condicións transcendentais que son as que explican que eses coñecementos teñan un carácter universal. Ex.: Todo o que percibimos a través da sensibilidade encaixámolo nunhas coordenadas espaciais-temporais, é dicir, “situámolo” nun espazo e nun tempo. Este espazo e tempo serían as condicións transcendentais da sensibilidade. Desta maneira E. Kant tende unha ponte entre o racionalismo e o empirismo.

**Método fenomenolóxico.** A fenomenoloxía é un movemento filosófico de século XX que aspira ó coñecemento dos fenómenos, entendidos estes non como o que se nos aparece os sentidos, senón que os fenómenos son as cousas tal e como se mostran á nosa conciencia. Por iso a intuición é a fonte fundamental de coñecemento. En síntese o método fenomenolóxico consistirá en examinar todos os contidos da conciencia e determinar cales deses contidos son reais, cales ideais e cales imaxinarios. A fenomenoloxía non presupón nada: nin o sentido común, nin o mundo natural, nin as proposicións científicas, nin as experiencias psicolóxicas. Colócase antes de calquera crenza e todo xuízo e simplemente “explora o dado”. O fundador da fenomenoloxía foi o alemán **Edmund Husserl** (1859 – 1938).

**Método analítico-lingüístico.** A pretensión dos representantes do método analítico-lingüístico é liberar á filosofía da especulación metafísica. Por iso o papel da filosofía consistirá en analizar a linguaxe e desvelar todos aqueles usos confusos da mesma.



Este método so distingue dous tipos de proposicións: as empíricas, que son sintéticas e refírense á realidade e as lingüísticas, que son analíticas e refírense á propia linguaxe. As primeiras son propias das ciencias positivas, e as segundas son propias da filosofía. Non corresponde á filosofía facer xuízos sobre o mundo, isto é tarefa da ciencia, só lle corresponde a análise da linguaxe que usamos para describir o mundo e desentrañar os usos incorrectos do mesmo. Este método xurde vinculado á filosofía analítica nos albores do século XX. Algúns dos representantes mais destacados foron: **Bertrand Russell** (1872 – 1970) , **Ludwing Wittgenstein** (1889 – 1951) e **G. Edwar Moore** (1873 – 1958).

**Método Hermenéutico.** A palabra hermenéutica provén do vocablo grego *hermeneu*, que significa “interpretar” e “comprender”. De aí que a hermenéutica sexa un método que trata de interpretar os textos, para determinar o significado exacto das palabras coas que expresamos un pensamento. A realidade non é mais que un conxunto herdado de textos, relatos, mitos, narracións, crenzas e institucións que fundamentan o noso coñecemento do que é o mundo e o home. A hermenéutica intenta descifrar o significado detrás das palabras e incluso a exexeses do texto ou palabras que configuran a nosa interpretación da realidade. Loxicamente este método cobra pleno significado na análise das ciencias sociais ou humanas onde os conceptos ou discursos teñen un sentido referido o contexto cultural ou histórico. **Wilhelm Dilthey** (1833 – 1911) e **Hans G. Gadamer** (1900 – 2002) son dous destacados pensadores da hermenéutica.

## 7. FUNCÍONS E VIXENCIA DA FILOSOFÍA

A ONU na sesión 171ª no ano 2005 alenta ós seus estados membros a traballar na promoción, no fortalecemento e na extensión da filosofía no ensino, porque a sociedade democrática, formada por unha pluralidade diversa de persoas e comunidades, proxectos e intereses, demanda un **pensamento racional** que axude a comprender o mundo complexo que nos rodea e proporcione instrumentos **para edificar unha sociedade libre, igual e xusta**. A UNESCO considera que a materia de Filosofía, o saber máis antigo de Europa, é a ferramenta adecuada que debe servir a este fin.

A filosofía forma unha cidadanía reflexiva, lúcida, participativa, amante das institucións democráticas e con habilidades prácticas na resolución dos problemas específicos das sociedades democráticas avanzadas.

A Filosofía capacita para o exercicio do **pensamento crítico e independente**, co que alcanzar unha mellor comprensión do mundo globalizado e de un mesmo. Grazas a esta disciplina, os alumnos e as alumas adquiren a aptitude de entretecer unha defensa racional e razoable da súa autonomía, da súa dignidade e dos seus dereitos nun contexto en vías de globalización. O pensamento filosófico achega os coñecementos teóricos e as destrezas prácticas para entender, analizar e propor solucións aos desafíos intelectuais e morais do século XXI. A Filosofía ofrece os fundamentos conceptuais dos principios e dos valores da paz e da seguridade

mundiais: democracia, imperio da lei, dereitos humanos, tolerancia, xustiza, igualdade e liberdade - a UNESCO nomea a Filosofía como "**Escola de liberdade**" na súa estratexia internacional e no informe de 2007-.

En segundo lugar, a Filosofía impulsa nas persoas o valor da indagación e a **reflexión argumentada para descubrir prexuízos**, xerar claridade respecto aos obxectivos e ao sentido da vida, valorar a calidade dos argumentos, **detectar sofismas e falacias**, atopar puntos de encontro entre posicións diferentes e humanizar as persoas.

A Filosofía axuda a desmontar os argumentos das condutas baseadas nos valores da dominación e a vontade de poder que provocan crises ecolóxicas, económicas e humanas. A meditación filosófica esperta o interese polas demais persoas, estimula a empatía para imaxinar os problemas que lles afectan e crea a capacidade para se emocionar moralmente. Mercé ao autocoñecemento que promove a filosofía, as persoas poden chegar a recoñecer que a fragilidade, a debilidade e a mortalidade non son aspectos negativos e odiosos da existencia humana, senón ocasións para a axuda mutua, a cooperación e a reciprocidade.

En cuarto lugar, grazas aos modelos diversos de pensamento filosófico, a materia de Filosofía estimula a deliberación sosegada sobre as decisións que rexen a vida cotiá individual e colectiva, e impulsa a tomar iniciativas razoables. Nunha sociedade democrática avanzada, o alumnado debe formarse para aplicar o pensamento crítico á análise de principios económicos e políticos, sopesar teorías sobre a liberdade e a xustiza social, recoñecer a interacción dos fenómenos naturais e sociais, avaliar o impacto ético e social da tecnociencia, gozar con autonomía dos produtos artísticos. A materia de Filosofía proporciona a visión e a comprensión holística necesaria para realizar estas tarefas. O alumnado educado filosoficamente é, daquela, activo, curioso, argumentativo, creativo, comprometido e innovador.

Como se ve, a Filosofía potencia o desenvolvemento das competencias sociais e cívicas, por estar estreitamente vinculadas coa finalidade última de todo o seu proxecto. Pero nesa consecución precisa acudir á competencia en comunicación lingüística, que lle permite ao alumnado tanto a exposición dun pensamento rigoroso e claro como o diálogo frutífero coas demais persoas. A competencia de aprender a aprender maniféstase na obriga intrínseca do facer filosófico de xerar marcos de sentido cada vez máis complexos, globais e enriquecedores que nos permitan tratar cunha realidade plástica, multifacética e omniabarcante, realidade que provoca en nós a moi humana sensación de admiración. E nesa sensación, a Filosofía non está soa, xa que a matemática e a ciencia se nutren da mesma fonte, e a competencia neses saberes cobra máis luz cando se examinan desde o saber que na orixe foi un con eles. Pero non chega a admiración. Con ela aparece a curiosidade que só se satisfai cando polo sentido de iniciativa e o espírito emprendedor nos animamos á acción, á creación e á innovación. O mesmo saber require atrevemento, ousadía, iniciativa, como nos lembra Kant. "Sapere aude", "atrévete a pensar" dicía o filósofo da Ilustración, e deste modo superarás a minoría de idade para pasar a pensar por ti mesmo e actuar en consecuencia, non someténdote ós convencionalismos sociais.